

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE MARZO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto sobre a xestión da seguridade das estradas de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta, a exención da presentación de garantías polos citados pagamentos e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida, no Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Fundación Kertor, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, a Fundación Profesor Novoa Santos e a Fundación Biomédica Galicia Sur para a realización do Programa de biotecnoloxía aplicada á saúde dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, por importe dun millón novecientos cincuenta mil euros (1.950.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscrición, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta, a exención da presentación de garantías polos citados pagamentos e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida, no Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Fundación Kertor, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, a Fundación Profesor Novoa Santos e a Fundación Biomédica Galicia Sur para instrumentar a achega de Galicia ao desenvolvemento do Programa de biotecnoloxía aplicada á saúde dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe dun millón cincuenta mil euros (1.050.000,00 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia o Entroido de Foz (Lugo) e o Enterro da Sardiña de Marín (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados con relación á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos para deporte adaptado, incluído no Plan de promoción da igualdade no deporte, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NexGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023, por importe de douscentos vinte e seis mil setecentos cincuenta e catro euros (226.754,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Fundación Deporte Galego e a Universidade da Coruña polo que se crea e se regula a Cátedra S.X.D. Galicia Activa, por importe de oitenta mil euros (80.000,00 €), así como se establecen pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 63 do Decreto 11/20229, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco mixto, cun único empresario, para a contratación de servizos de *cloud* pública e a posta en marcha e soporte dunha infraestrutura de *cloud* pública na Xunta de Galicia (expediente AMT-2022-0101), por un valor estimado de sete millóns novecientos oitenta e oito mil euros (7.988.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra do eixe de mobilidade sostible en Santiago de Compostela: treito Milladoiro-estación intermodal, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, cun orzamento de licitación de sete millóns cincocentos dezaoto mil setecentos sesenta e un euros con noventa céntimos (7.518.761,90 €), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns douscentos trece mil oitocentos cincuenta e dous euros con oitenta e un céntimos (6.213.852,81 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da Resolución do 20 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 por un importe de dous millóns douscentos vinte e catro mil dezaseis euros (2.224.016,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realizar programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 e 2024, cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus, no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027. Importe total: seis millóns catrocentos cincuenta e oito mil trescentos trinta e catro euros (6.458.334,00 €).
- Acordo que se declara prioritaria a formación para a cualificación e recualificación da poboación activa no sector primario e no sector da función loxística, e se toma razón dos resultados da formación realizada en nove sectores cuxa formación foi declarada de carácter prioritario no ano 2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para a participación conxunta no estudo das enfermidades e a vixilancia da prevalencia destas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, por importe de cincuenta e catro mil catrocentos cincuenta euros (54.450,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (UTACA), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos vinte e sete mil noventa e oito euros (227.098,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos trinta e tres mil oitocentos setenta e cinco euros (233.875,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ex-Alcohólicos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de cento trinta e un mil oitocentos oitenta e cinco euros (131.885,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos oito mil sesenta e dous euros (208.062,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención integral de persoal en risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe dun millón sesenta e seis mil catrocentos setenta e cinco euros (1.066.475,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, para establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta ás recollidas na normativa reguladora das subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2023 e 2024, e se realiza a súa convocatoria. Importe total: un millón novecentos setenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con trinta céntimos (1.974.999,30 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do *contract* para o ano 2023.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Informe sobre a proposta enviada ao Goberno central coas modificacións solicitadas na Planificación eléctrica da Rede de transporte 2021-2026 para atender as necesidades dos proxectos industriais de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe do Balance en 30 de marzo de 2023 sobre a situación das axudas outorgadas ao abeiro do Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o avance do peche do exercicio orzamentario 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actualización do equipamento dos bloques cirúrxicos de toda a planta hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe para a implantación dun programa de axudas ás persoas con ELA e as súas familias.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da última convocatoria para realizar proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos mariños, plan Marlimpo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A XESTIÓN DA SEGURIDADE DAS ESTRADAS DE GALICIA

- Este decreto reforza a perspectiva da seguridade viaria desde a fase inicial de planificación de infraestruturas
- O texto incorpora as auditorías técnicas da seguridade para o deseño dos proxectos de estradas, aplicada ás diferentes fases ata a finalización das obras e a explotación
- Tamén se avaliará a seguridade das estradas do conxunto da rede, clasificando en categorías os tramos de vías e avaliando o risco de accidentes
- Co decreto aprobado trasponse a Directiva 2008/96/CE do Parlamento Europeo, de acordo co previsto no Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025
- Darase continuidade e reforzaranse liñas de actuación, como a estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes, na cal a Xunta leva investidos 16,8 millóns de euros nos últimos anos en 35 actuacións

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao Decreto para a xestión da seguridade das estradas de Galicia. Co el intensificaranse as inspeccións na rede viaria autonómica para garantir a maior seguridade viaria para todas as persoas usuarias.

Co decreto aprobado hoxe trasponse a Directiva 2008/96/CE do Parlamento Europeo, de acordo co previsto no Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025.

Este decreto introduce varios instrumentos para reforzar a xestión da seguridade das estradas: as avaliacións de impacto da seguridade viaria, as auditorías de seguridade viaria, as avaliacións da seguridade das estradas e as inspeccións de seguridade viaria.

En primeiro lugar, a avaliación de impacto da seguridade viaria consistirá na realización dunha análise estratéxica comparativa da repercusión dunha estrada nova ou da modificación substancial dunha vía xa existente sobre a seguridade da rede de estradas, e levarase a cabo na fase inicial de planificación.

En segundo lugar, efectuaranse auditorías que se centrarán na comprobación independente, pormenorizada, sistemática e técnica da seguridade das características do deseño dun proxecto de estradas, aplicada ás diferentes fases que van desde a planificación á explotación na súa fase inicial.

En terceiro lugar, avaliarase tamén a seguridade das estradas do conxunto da rede, clasificando en categorías os tramos das vías en servizo e avaliando o risco de que se produzan accidentes. Isto permitirá dar continuidade e reforzar liñas de actuación, como a estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes, na cal a Xunta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

leva investidos 16,8 millóns de euros nos últimos anos en 35 actuacións nas estradas autonómicas.

Para isto será precisa a avaliación sobre o terreo ou por medios electrónicos das características de concepción da estrada e a análise dos treitos que estiveron en explotación máis de 3 anos e nos cales se produciu un número elevado de accidentes graves en proporción ao volume de circulación.

Por último, nas estradas en explotación levaranse a cabo inspeccións de seguridade viaria, que poderán ser de tipo periódico ou específico.

As inspeccións periódicas incluírán a comprobación das características e os defectos que exixen unha intervención de mantemento por motivos de seguridade. Así, estas actuacións levaranse a cabo como parte dos traballos de conservación ordinaria e coa frecuencia suficiente para garantir niveis de seguridade adecuados.

Pola súa banca, as inspeccións específicas consisten nunha investigación para detectar condicións perigosas, defectos e problemas que aumentan o risco de accidentes e lesións, a partir dunha visita *in situ* a unha estrada ou tramo de estrada en servizo.

Este decreto foi sometido a información pública e conta cos informes preceptivos do Servizo Xurídico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, da Secretaría Xeral de Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade, da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, finalmente, do Consello Consultivo de Galicia.

Ampliación do ámbito de actuación

Cómpre lembrar que no ano 2008 se adoptou a Directiva 2008/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.

O seu ámbito de aplicación só abrangue as estradas pertencentes á Rede transeuropea de estradas, de competencia da Administración xeral do Estado, polo que non se incluía ningunha estrada autonómica.

Neste sentido, en 2019 adoptouse a Directiva (UE) 2019/1936 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se modifica a Directiva 2008/96/CE sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias, coa cal se ampliou o ámbito de actuación a parte das estradas autonómicas, fundamentalmente ás autoestradas e ás autovías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia, con este decreto, realiza a transposición da norma pero ampliando aínda máis o ámbito de aplicación, de modo que se inclúan as estradas convencionais, xa que é nelas onde se produce a maior parte dos accidentes con vítimas na Rede autonómica de estradas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DISPORÁ DE 3 M€ PARA AVANZAR NO DESENVOLVEMENTO DA MEDICINA PERSONALIZADA DE PRECISIÓN

- O Consello da Xunta deu luz verde, esta mañá, á colaboración coa Fundación Kertor, as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, e as fundacións Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Profesor Novoa Santos e a Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento do Plan complementario dedicado á biotecnoloxía aplicada á saúde
- Galicia participa, xunto con Cataluña, Castilla-La Mancha, País Vasco, Extremadura, Andalucía e Aragón, nesta iniciativa, que busca obter ferramentas de diagnóstico, prognóstico e terapias avanzadas ou dirixidas en medicina personalizada
- Dará resposta a retos importantes no ámbito da saúde vinculados ao cancro ou enfermidades asociadas ao envellecemento da poboación
- En Galicia prevese a contratación de 12 novos investigadores no desenvolvemento das actuacións vinculadas a este plan
- A Comunidade está presente en tres plans complementarios máis: comunicación cuántica, biodiversidade e ciencias mariñas

O Consello da Xunta deu luz verde, na súa reunión desta mañá, á colaboración con universidades e fundacións localizadas en Galicia para o desenvolvemento do Plan complementario dedicado á biotecnoloxía aplicada á saúde. Deste xeito, contarase con tres millóns de euros para avanzar na medicina personalizada de precisión.

En concreto, Galicia recibe 1,95 M€ de fondos europeos a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno, mentres que achega 1,05 millóns procedentes de fondos propios da Administración autonómica. As entidades asinantes son a Fundación Kertor, as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, así como as fundacións Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Profesor Novoa Santos e Biomédica Sur Galicia.

Na execución deste programa, enmarcado no PERTE para a saúde de vangarda, Galicia participa xunto coas comunidades autónomas de Cataluña, Castilla-La Mancha, País Vasco, Extremadura, Andalucía e Aragón.

O obxectivo é lograr o desenvolvemento de ferramentas para diagnóstico, prognóstico e terapias avanzadas ou dirixidas en medicina personalizada para impulsar unha gran rede nacional. Tras as primeiras aproximacións neste campo, preténdese superar as limitacións atopadas para poder personalizar a atención médica con decisións terapéuticas, tratamentos e prácticas adaptadas ás características individuais de cada paciente. Deste xeito, conseguirase dar resposta a retos importantes no ámbito

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sanitario, como o cancro, as enfermidades asociadas ao proceso de envellecemento da poboación, así como enfermidades minoritarias ou infecciosas e que, ata o momento, carecen de tratamentos eficaces. Consegúranse, a través do incremento do coñecemento dos efectos de todas as variantes posibles, o estudo da expresión xénica a nivel celular individual e o desenvolvemento de novas terapias como os nanofármacos ou técnicas avanzadas de cirurxía.

As actuacións que se realizarán en Galicia irán encamiñadas a mellorar a validación de hipóteses e selección de albos terapéuticos, constituír unha gran plataforma de cribado en España, conectar a experiencia e coñecemento de Galicia no eido dos nanomedicamentos, así como potenciar a especialización e sinerxías en robótica médica minimamente invasiva. Nestes obxectivos, contará co apoio da Plataforma de cribado de fármacos e farmacoxenómica de Innopharma, referente europeo en descubrimento temperán de fármacos.

Os plans complementarios son unha ferramenta creada polo Estado para a posta en marcha de programas de investigación en áreas estratéxicas. Cogobernados e cofinanciados coas comunidades autónomas, Galicia participa, xunto con outras rexións, en catro dos oito plans definidos. En concreto, ademais do de biotecnoloxía, está presente no de comunicación cuántica, ciencias mariñas e biodiversidade.

Estratexia de consolidación da biotecnoloxía

Galicia segue avanzando na súa Estratexia de consolidación da biotecnoloxía 2021-2025 co obxectivo de posicionarse como polo de referencia neste eido. Así, está fomentando un ecosistema colaborativo que favoreza o emprendemento, o crecemento e a tracción de empresas á rexión.

Os obxectivos pasan por incrementar nun 50 % o número de empresas, crear 250 novos empregos cualificados e aumentar nun 20 % o número de investigadores, así como incrementar a captación de investimento privado por un total de 30 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN COMO FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA A FESTA DO ENTROIDO DE FOZ E O ENTERRO DA SARDIÑA DE MARÍN

- O Entroido de Foz celébrase anualmente desde o ano 1899 e o Enterro da Sardiña de Marín ten lugar cada mércores de cinza desde o ano 1882

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Festa do Entroido (Foz) e o Enterro da Sardiña (Marín).

De acordo co procedemento para a declaración de festas de interese turístico de Galicia, unha vez examinadas as solicitudes presentadas polo Concello de Foz para a Festa do Entroido e pola Asociación Ateneo Santa Cecilia para a Festa do Enterro da Sardiña de Marín, e tras os trámites preceptivos, o Consello de Turismo emitiu un informe favorable sobre as referidas declaracións, por cumpriren os requisitos exixidos.

Para a declaración como festa de interese turístico de Galicia valóranse aspectos como a creatividade e a innovación na celebración dos eventos; o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración das festas e a recepción de visitantes; a afluencia de visitantes; a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas nas celebracións, ou o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolven.

O Entroido de Foz celébrase anualmente desde o ano 1899 e conta con baile, concursos de coplas, lectura de críticas anónimas da poboación e outras moitas actividades.

O Enterro da Sardiña de Marín celébrase anualmente cada mércores de cinza desde o ano 1882. Preséntase como unha festa urbana, participativa e aberta a persoas de todas as idades. Presenta como particularidades adoptar a forma dunha procesión de Semana Santa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SACA A PRIMEIRA ORDE ESPECÍFICA DE EQUIPAMENTOS PARA DEPORTE ADAPTADO, QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE 227.000 EUROS

Esta orde de subvencións chega nun dos momentos máis doces do deporte adaptado galego, que acaba de realizar unha brillante actuación nos Xogos Paralímpicos de Toquío e está orientada a posibilitar a liberdade e igualdade reais e efectivas para toda a sociedade

O Consello da Xunta autorizou a Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións para a adquisición de equipamentos para deporte adaptado a clubs deportivos galegos que contan con licenzas de deportistas con discapacidade na tempada 2022/23 ou ben ao longo do exercicio 2023.

Estas subvencións inclúense no Plan de promoción da igualdade no deporte, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NexGenerationEU, e contarán cun crédito orzamentario de preto de 227.000 euros (226.754 euros). Os beneficiarios serán os clubs deportivos galegos que na tempada 2022/23 ou 2023 contan con licenzas de deportistas con discapacidade. A Xunta de Galicia cubrirá o 80 % do gasto subvencionable e o importe máximo da axuda será de 5.000 euros.

A practica deportiva, a nivel competitivo, caracterízase pola necesidade de contar cunha serie de equipamentos deportivos que faciliten e melloren as condicións en que os deportistas desenvolven a súa modalidade ou especialidade. Neste sentido, faise preciso arbitrar un sistema de axudas públicas dedicadas á adquisición de equipamentos, co fin de contribuír na modernización e actualización do material deportivo necesario para o adecuado exercicio da práctica deportiva de que dispoñen as citadas entidades. Particularmente, a atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos, entre outras, na práctica deportiva.

Esta orde de subvencións chega nun dos momentos máis doces do deporte adaptado galego, que acaba de realizar unha brillante actuación nos Xogos Paralímpicos de Toquío. A delegación galega formou o 15 % da selección española paralímpica e regresou do Xapón co 87,5 % dos deportistas clasificados entre os oito mellores do mundo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar que a Xunta de Galicia xa investiu máis de 4,6 millóns de euros en 2022 para a adquisición de equipamentos deportivos. Foi o máximo histórico anual dirixido a este obxecto, que representou o 44,61 % do total do investimento da Xunta de Galicia no período 2019-2022 e o 46,7 % de entidades beneficiarias neste mesmo período. Desde o exercicio 2019, o Goberno galego destinou un total de 10,34 millóns de euros a subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos, do que resultaron beneficiarias un total de 1.741 entidades.

A través destas ordes de axudas de equipamentos deportivos, as entidades xa podían obter equipamento deportivo adaptado. A novidade é que a orde de equipamentos aprobada polo Consello é a primeira que se publica especificamente para deporte adaptado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CÁTEDRA SXD GALICIA ACTIVA SEGUIRÁ FUNCIONANDO CATRO ANOS MÁIS GRAZAS AO CONVENIO DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ambas as institucións realizarán actividades e proxectos que resulten de interese nas áreas de formación e divulgación e de transferencia e investigación, comprometendo para tal fin un importe máximo de 80.000 euros

O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Fundación Deporte Galego, e a Universidade da Coruña para crear a Cátedra SXD Galicia Activa ata finais de 2026, co obxecto de establecer a regulación da colaboración entre as dúas entidades co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, mediante a creación dunha cátedra. Este convenio de colaboración supón un punto e seguido ao asinado en 2018 e que supuxo a posta en marcha da primeira Cátedra SXD Galicia Activa durante os anos 2018, 2019 e 2020. Ademais, en xuño de 2021 acordouse unha prórroga para o curso académicos 2021/22. Nesta ocasión e para posibilitar as actividades da cátedra, a Fundación Deporte Galego investirá un total de 80.000 euros, a razón de 20.000 euros anuais nos exercicios de 2023, 2024, 2025 e 2026.

A teor do convenio aprobado, a Xunta de Galicia, a Fundación Deporte Galego e a Universidade da Coruña realizarán actuacións conxuntas para fomentar a investigación e a transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e satisfacer así as necesidades da cidadanía. A Universidade analizará os datos recollidos no ámbito do plan Galicia saudable e formulará as futuras liñas de actuación neste ámbito baseadas no coñecemento científico xustificadas científicamente. Para iso, a Universidade desenvolverá bolsas de investigación, colaborará en mestrados e programas de formación, convocará premios, concursos e traballos, outorgará conferencias e seminarios, realizará xornadas de divulgación, exposicións ou visitas a empresas, creará órganos de seguimento de indicadores e publicará e difundirá os informes pertinentes

Os obxectivos estratéxicos da cátedra serán favorecer a divulgación dos beneficios da adopción de estilos de vida fisicamente activos entre a poboación galega; contribuír á formación de profesionais cualificados para incrementar os estilos de vida fisicamente activos; fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e dos seus factores de risco; asesorar na implementación, o seguimento e a avaliación das medidas do plan Galicia saudable e no establecemento de prioridades de intervención, así como desenvolver tarefas de investigación relacionadas coas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medidas do plan Galicia saudable e de observación das condutas sobre actividade física e sedentarismo da poboación galega.

Deporte seguro e avaliación da saúde da poboación

A Cátedra Galicia Activa xa leva realizadas numerosas tarefas de asesoramento para a Fundación Deporte Galego. Entre elas cómpre destacar os informes dos datos recollidos na plataforma Dafis; a análise estatística para o establecemento de valores normativos das diferentes probas na poboación de Galicia, o que xerou artigos en revistas de impacto e premios en congresos internacionais, así como a Guía Dafis, recentemente publicada; o asesoramento á Fundación e á Secretaría Xeral para o Deporte na creación das guías DXT con recomendacións para a práctica de deporte seguro durante a pandemia; a análise da repercusión da COVID-19 nos resultados da condición física relacionada coa saúde antes e despois da pandemia, o que xerou de novo artigos científicos de grande impacto; a colaboración coa Fundación e con grupos de investigación internacionais na creación da base de datos de condición física relacionada coa saúde máis grande de Europa (FitBack Europe); o asesoramento e colaboración en proxectos transversais con outras consellerías, como a de Sanidade, participando na creación do modelo de prescrición de exercicio desde os centros de saúde (Adestra a túa saúde), así como nas fichas de consenso para a prescrición de exercicio en poboación con algunha patoloxía; a identificación das probas máis adecuadas para a avaliación de fragilidade e condición física relacionada coa saúde en maiores de 60 anos, así como a organización coa Fundación Deporte Galego de xornadas de formación específica no ámbito da saúde e os nenos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CENTRALIZARÁ A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS NA NUBE PARA A ADMINISTRACIÓN, POR IMPORTE DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello aproba o acordo marco que lles permitirá á Administración autonómica e ás entidades do sector público a contratación de servizos desta tecnoloxía e o seu uso centralizado nunha plataforma *multicloud*
- A adxudicataria deberá xestionar a contratación de servizos nas plataformas, propor solucións para unha conectividade directa, desenvolver unha ferramenta para a xestión da plataforma *multicloud* e poñer en marcha un plan de formación
- O acordo marco, que depende da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, forma parte da Estratexia *cloud* do sector público autonómico para ofrecer un servizo máis eficiente, sostible e de calidade
- Entre outras vantaxes, o modelo *Cloud* permite un aforro de tempos na implantación de proxectos e proporciona melloras en canto á dispoñibilidade e na continuidade

Os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e as entidades do sector público autonómico disporán dun acordo marco, que hoxe foi aprobado polo Consello de Goberno, por un importe que suma cerca de 10 millóns de euros –incluído o IVE–, para a contratación de servizos na nube nas principais plataformas globais (*Cloud Service Provider* - CSP).

O obxectivo do acordo, xestionado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia cunha duración de dous anos, é o de proporcionar os servizos da Administración dun xeito máis eficiente, sostible e de calidade, aliñado coas tendencias a nivel global, mediante o uso da tecnoloxía *Cloud*.

Para logralo, a adxudicataria actuará, por unha banda, como *broker multicloud* para a contratación e xestión dos servizos entre as CSP incluídas no acordo marco. O acordo establece os requisitos mínimos que deben cumprir esas plataformas para garantir a seguridade, dispoñibilidade, rendemento e cumprimento normativo. Tamén debe ter dispoñible un conxunto amplo de servizos que cubran todos os posibles requirimentos que poidan xurdir. Plataformas como Amazon Web Services, Microsoft Azure e Google Cloud Platform son exemplos de CSP que cumpren cos criterios de certificación exixidos. A adxudicataria deberá estar acreditada como colaboradora empresarial oficial desas plataformas.

Por outra banda, a empresa encargada de prestar os servizos do acordo marco tamén deberá propor as solucións de conectividade directa cos diferentes CSP, así como o deseño, instalación, configuración, mantemento e soporte das comunicacións ofertadas e as ferramentas de xestión e monitorización necesarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A adjudicataria tamén debe propor unha ferramenta de xestión *multicloud* que lle facilite á Administración contratante o control, automatización, monitorización, soporte ou seguimento de todo o servizo.

Ademais, o contrato tamén inclúe servizos de consultoría e asistencia técnica permanente. Así mesmo, os licitadores deberán ofrecer a impartición de formación especializada no ámbito das tecnoloxías e plataformas de *cloud* pública obxecto do contrato.

Estratexia *cloud* do sector público de Galicia

O acordo marco forma parte dunha das iniciativas estratéxicas do Programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais das administracións públicas, incluído no eixe sobre Goberno e Administración intelixente da Estratexia Galicia dixital 2030.

Neste sentido, o modelo *Cloud* proporciona valor polo que implica en aforro de custos ou na mellora da eficiencia na xestión das infraestruturas. Tamén permite un aforro de tempos na implantación de proxectos e achega melloras en canto á dispoñibilidade e na continuidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA REFORZARÁ NUN 50 % O PARQUE PÚBLICO RESIDENCIAL DE GALICIA ATA ALCANZAR AS 5600 VIVENDAS EN 2026

- Resalta que “é unha prioridade” para o Goberno galego ante “os altos prezos dos alugueiros e a escaseza de inmobles no mercado”
- Subliñou que aos preto de 3800 inmobles que hai na actualidade, se engadirán “algo máis de 1800” nos vindeiros catro anos de nova construción, de titularidade municipal ou rehabilitados en centros históricos
- O Consello coñeceu hoxe a estratexia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para desenvolver vivenda pública e protexida nos vindeiros catro anos
- Ademais de aumentar a súa oferta pública residencial, o Goberno galego impulsará a construción de vivenda protexida, poñendo á disposición de cooperativas e promotores solo residencial xa urbanizado e promovendo novos desenvolvementos en parcelas da súa propiedade ou en colaboración con concellos onde haxa demanda
- Todas estas actuacións enmárcanse no Pacto social pola vivenda impulsado en 2021 e suporán un investimento de case 250 M€, dos cales a Xunta achegará preto do 70 %

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego quere incrementar o parque público residencial de Galicia nun 50% para acadar as 5600 vivendas no ano 2026. “Na actualidade hai 3.800 vivendas e o obxectivo é incorporar algo máis de 1800 inmobles” nos vindeiros catro anos, resaltou o titular do Executivo autonómico, quen lembrou que facilitar o acceso á vivenda “é unha prioridade” da Xunta, especialmente no contexto actual “con prezos de alugueiros altos e escaseza de inmobles no mercado”.

Rueda explicou que, para cumprir esta meta, a Xunta vai reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública a través de diferentes vías, ao tempo que impulsará a construción de vivendas protexidas por parte de promotores privados e cooperativas, para o que porá á súa disposición solo residencial da súa propiedade alí onde se concentra a maior demanda.

Estas son as liñas básicas da estratexia deseñada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que hoxe foi aprobada polo Consello e que, segundo adiantou Rueda, contará cun orzamento global “de case 250 millóns de euros”, dos que “o 70% son fondos propios da Xunta e o 30% restante financiarase a cargo dos fondos Next Generation”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que o parque público da Xunta está integrado nestes momentos por 3788 vivendas propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e da empresa pública Xestur, que se adxudican en réxime de alugamento a prezos accesibles e regulados entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Galicia.

Neste sentido, as dificultades para acceder a unha vivenda –que é unha das principais preocupacións da cidadanía–, a suba dos prezos dos alugueiros e a escaseza de inmobles dispoñibles no mercado, unidos á alta demanda de vivenda pública en réxime de arrendamento que se desprende das estatísticas do referido rexistro, fan necesario desenvolver actuacións decididas para facer fronte a esta situación e ofrecer solucións que respondan de forma efectiva á dinámica actual da oferta e da demanda.

Para reforzar o parque residencial da Xunta, destinado maioritariamente ao alugamento, o obxectivo da Consellería en materia de vivenda de promoción pública –aquela que executa directamente a través do IGVS sobre solo público é incorporar algo máis de 1800 inmobles á oferta actual, o que suporía incrementar en case un 50 % o número de vivendas que ten en propiedade a día de hoxe.

En concreto, tal e como explicou o presidente, o maior reforzo virá da man de obras de nova construción: “959 vivendas promovidas polo IGVS nas grandes cidades galegas, e outras 260, por promotores privados e concellos” grazas ás novas axudas convocadas en febreiro para edificar vivendas destinadas a alugamento social en edificios enerxeticamente eficientes.

Así mesmo, Rueda indicou que se vai seguir apostando pola rehabilitación a través de dous programas de éxito, como son o Rexurbe, creado en 2017 para comprar edificios e soares en estado de abandono en centros históricos para rehabilitalos co fin de obter 157 vivendas, e as axudas para recuperar inmobles e edificios de propiedade municipal, que permitirán sumar ao parque destinado a alugamento social en concellos de menos de 20.000 habitantes 331 vivendas.

Ademais, o presidente explicou que a oferta inmobiliaria se completará “coas 125 vivendas que a Xunta mercou ou vai adquirir a Abanca e á Sareb”.

En todo caso e de forma complementaria, tamén se lle dará un grande impulso á vivenda protexida, é dicir, aquela construída sobre solo residencial público pero promovida por empresas privadas ou cooperativas. Concretamente, a Xunta porá á disposición dos promotores interesados en facer vivendas de protección oficial o solo urbanizado que ten dispoñible: 17 parcelas con capacidade para máis de 1000 vivendas.

Por outra banda, seguirase traballando no acondicionamento de solo en Vigo (con case 1600 vivendas públicas e protexidas previstas en San Paio) e na Coruña (promovendo o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cambio de uso a residencial de dous quinteiros, en Xuxán, para incrementar en ao redor de 500 as vivendas proxectadas neste barrio). Así mesmo, planificaranse novos desenvolvementos de solo público da man dos concellos para destinalos a vivenda alí onde haxa demanda.

Pacto social pola vivenda, a folla de ruta para seguir

A Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida en Galicia enmárcase no acordo subscrito a comezos do ano 2021 entre a Xunta e os principais axentes públicos e privados implicados no sector residencial da Comunidade.

O chamado Pacto social pola vivenda 2021-2025 constitúe, desde entón, a folla de ruta para seguir no relativo ás políticas de vivenda e solo da Comunidade. Para tal fin márcanse catro grandes liñas estratéxicas de actuación.

A primeira delas céntrase no acceso á vivenda e canalízase a través da estratexia da cal tomou razón hoxe o Consello da Xunta. A execución de todas as actuacións e programas recollidos nela, co fin de reforzar a actual oferta de vivenda protexida na Comunidade (tanto de promoción pública como privada), requirirá dun investimento global estimado en algo máis de 247 millóns de euros.

Desta contía a maior achega será a da Xunta de Galicia, que asumirá con fondos propios preto do 70 % do investimento previsto de aquí ao ano 2026 —é dicir, case 170 millóns de euros—. Así mesmo, outros 58,5 millóns de euros procederán da Unión Europea a través do programa Next Generation UE, mentres que os 20 millóns restantes serán fondos finalistas do Goberno central.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO EIXE DE MOBILIDADE SOSTIBLE ENTRE O MILLADOIRO, A ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO E SAN CAETANO, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 10,6 M€

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato os traballos co obxectivo de iniciais no outono
- Trátase de impulsar na cidade un percorrido de novo trazado para peóns e ciclistas con pendentes moderadas e mínima interacción co tráfico, consensado do Concello
- Impúlsase a execución dun primeiro tramo entre O Milladoiro e a estación intermodal, que continuará entre a terminal e o Complexo Administrativo de San Caetano
- Os traballos acometeranse de xeito coordinado, tendo en conta que o prazo de execución do tramo de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal é de 18 meses e o do segundo treito, entre a rúa Clara Campoamor e San Caetano, é de 15
- O Executivo autonómico segue traballando no impulso deste eixe de 10,5 km que conectará O Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal e San Caetano, cun investimento global da Xunta que ascende a 11,6 M€

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á contratación das obras para desenvolver o eixe de mobilidade sostible entre O Milladoiro, a estación intermodal e o Complexo Administrativo de San Caetano, no concello de Santiago.

As obras, cuxa licitación autorizou o Goberno galego na súa reunión semanal, correspóndense coas actuacións para executar estes novos itinerarios, co obxectivo de crear na cidade un percorrido exclusivo de novo trazado para peóns e ciclistas, pendentes moderadas e sen apenas interacción co tráfico rodado.

O investimento total destes novos itinerarios, que están consensuados co Concello de Santiago, ascenderá ata os 10,6 M€, tendo en conta o importe de licitación das obras, case 10 M€, e o pagamento dos 363 predios necesarios para materializar esta actuación.

O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé licitar as obras de xeito inmediato e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de comezar no outono a execución dos dous tramos do novo eixe de mobilidade, que se completarán cun terceiro de conexión do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

O Consello da Xunta aprobou a semana pasada estes proxectos, que levan implícita a declaración de utilidade pública dos predios necesarios para executar as intervencións,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsadas pola Xunta ao abeiro do programa europeo dos Fondos Next Generation, co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

A autorización da licitación das obras correspóndense co primeiro treito de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal, que contará cun orzamento de 7,9 M€, ao cal se suma un segundo treito, en que o itinerario partirá da rúa Clara Campoamor, na estación intermodal, e finalizará en San Caetano, cunha lonxitude de 5,9 km e un orzamento de case 2,7 M€.

En concreto, a senda entre O Milladoiro e a estación intermodal, de 3,5 km de lonxitude, comezará no núcleo do Milladoiro, no aparcadoiro de Agro do Medio e comunicará a través das rúas Curuxa e Figueiras co eixe Milladoiro-Santiago, o cal discorre inicialmente entre a SC-20 e a AP-9, pasando por encima dos túneles da ADIF e conectando coa rúa Virxe do Rial.

A partir da rúa Virxe do Rial, o itinerario entra no antigo túnel da Adif, que será obxecto de acondicionamento, e continúa polo Banquete de Conxo, o parque do Restollal e as Brañas de Sar, ata enlazar co actual itinerario de Clara Campoamor, á altura da estación intermodal.

No segundo treito da senda, que partirá da rúa Clara Campoamor e finalizará en San Caetano, a intervención comezará polo acondicionamento dos treitos actuais, aos cales se lles dará continuidade nas partes que non os hai, ao longo da marxe sur da liña do ferrocarril, ata a rúa Fontes do Sar.

Ademais, prevese o cruzamento da SC-20, aproveitando o paso inferior da rúa Fontes do Sar, para subir polas rúas das Fontiñas, coincidindo coa ruta Eurovelo ata o nó de Concheiros, recentemente remodelado e xa nas proximidades do Complexo Administrativo da Xunta. A maiores, como itinerario alternativo para peóns, máis curto pero de maior pendente, propónse a avenida de Lugo, polo que se mellorará o paso inferior baixo a SC-20 á altura da rúa Batalla de Conxo.

Cómpre lembrar que, tras a análise das achegas recibidas durante o trámite de información pública deste eixe, se reducirá ata a metade a superficie que se vai expropiar no contorno do lugar do Reiro e eliminaranse as pasarelas sobre o río Sar, empregando para o cruzamento as pontellas existentes.

No contorno do Antigo Mosteiro de Conxo, utilizarase a plataforma do camiño existente, sen ampliar a explanación e cun pavimento o máis natural posible, mentres que no paso por debaixo da estrada da Deputación se dará continuidade ao itinerario, acondicionando e limpando a contorna coa finalidade de mellorar o aspecto que presenta na actualidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Atendendo ás suxestións presentadas, elimínase a conexión da rúa Ramón Baltar, que quedará pendente de desenvolvemento en consenso e coordinación co Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo, que actualmente se atopa en fase de tramitación ambiental.

Na contorna da Colexiata do Sar, o trazado finalmente adoptado será o que vai polo viario existente que discorre pegado á liña do ferrocarril e que conecta a rúa de Clara Campoamor coa rúa de Sar, en lugar do itinerario pola contorna da Colexiata de Sar proposto inicialmente.

Ambos os treitos desenvolveranse de xeito coordinado, tendo en conta que o prazo de execución do tramo de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal é de 18 meses, e o do segundo treito entre a intermodal e San Caetano, de 15 meses.

A Xunta segue traballando na materialización e desenvolvemento deste eixe de mobilidade sostible que conectará o Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal e o Complexo Administrativo de San Caetano, case 10,5 km de itinerarios, que suporán un investimento global da Xunta de 11,6 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA NUN 56 % A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA QUE OS CONCELLOS GALEGOS CONTRATEN VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO CON 2,2M€ ORZAMENTADOS

- O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará mañá a convocatoria destas axudas dirixidas ás entidades locais, que poden cursar a súa solicitude soas ou entre varias
- O Goberno autonómico financia un ano máis as retribucións salariais brutas totais das mulleres durante un máximo de doce meses nas entidades que as contraten
- Vixente desde o ano 2019, esta liña permitiu incorporar un total de 339 mulleres
- A Xunta contribúe coa iniciativa a mellorar a autonomía económica destas mulleres e axudalas no seu camiño cara á recuperación

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á nova convocatoria de axudas que, cun orzamento total de 2,2 millóns de euros –un 56 % máis ca o ano pasado– destina a sufragar a contratación neste 2023 de mulleres vítimas de violencia de xénero por parte de entidades locais (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades).

A liña sairá este venres publicada no *Diario Oficial de Galicia*. A través dela, o Goberno galego financia a contratación das mulleres vítimas por parte dos entes locais ou agrupacións de municipios, para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social. De resultaren beneficiarios, recibirán a contía necesaria para sufragar as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora das mulleres incorporadas, ata un máximo de 12 mensualidades.

As destinatarias finais dos apoios son mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as que padecen violencia vicaria ou trata con fins de explotación sexual. Para poder acceder aos contratos, de ser o caso, deberán constar inscritas como demandantes de emprego ou ter solicitada mellora de emprego no Servizo de Emprego de Galicia.

Con estes apoios acompáñase as mulleres no seu proceso de recuperación, para dotalas dunha maior autonomía a través da promoción da súa independencia e liderado, e capacitándoas para unha posterior inserción laboral estable no mercado ordinario.

Para a Xunta, a independencia económica é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero consigan maior estabilidade persoal, social e laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, convoca estas axudas desde o ano 2019, inseridas no conxunto de actuacións do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que desenvolve a Comunidade. Neste tempo, facilitouse a contratación de 339 mulleres e destináronse aos incentivos máis de sete millóns de euros.

A convocatoria de 2023 é a de maior contía desde que existe esta liña de apoios, ao acadar este ano os 2,2 millóns de euros de orzamento inicial e superar en 800.000 euros a do ano precedente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ A FORMACIÓN DE 280 PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS COA NOVA CONVOCATORIA DE OBRADOIROS XUVENÍS, AOS CALES DESTINARÁ 6,4 M€ NO PERÍODO 2023-2024

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á nova convocatoria de programas de emprego para mozas e mozos do Sistema nacional de garantía xuvenil
- No marco desta orde está previsto que os concellos desenvolvan 18 obradoiros, nos que as persoas participantes combinan emprego e formación e reciben un salario
- Primaranse os proxectos relacionados coas tecnoloxías da información e a economía dixital e os presentados por concellos agrupados
- Este programa prevé incentivos autonómicos para financiar as contratacións de alumnas e alumnos unha vez rematado o período formativo

O Consello de hoxe autorizou destinar máis de 6,4 millóns de euros a unha nova convocatoria de programas de emprego para mozas e mozos incluídos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. A iniciativa diríxese a desempregados con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos e prevé a realización duns 18 obradoiros de ámbito municipal en que tomen parte 280 persoas en 2023 e 2024.

Estes obradoiros xuvenís teñen por obxecto mellorar a empregabilidade das persoas participantes para facilitar a súa inserción no mercado laboral. Por este motivo, combinan a formación coa realización dun traballo efectivo durante un período de 12 meses, durante os cales as persoas beneficiarias acceden a un contrato e a un salario.

A convocatoria diríxese a concellos de Galicia, mancomunidades de concellos e a entidades públicas dependentes ou vinculadas a estes, como promotores das accións.

Entre os criterios de valoración, terase en conta que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital, que as entidades promotoras posúan a condición de concello emprendedor ou presenten o proxecto mediante asociación de concellos resultante de fusión.

Con estas axudas, enmarcadas dentro do Programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027, impártese formación con certificado de profesionalidade e ofrécéselle ao alumnado un contrato de traballo de formación e aprendizaxe durante os 12 meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través destes programas, ademais de mellorarse a ocupabilidade das persoas mozas, facilítase a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, así como a prestación de servizos de interese xeral e social que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade.

Ao rematar as accións de cualificación, o Goberno galego prevé incentivos á contratación do alumnado en empresas da contorna unha vez que finalice a formación. Neste caso as subvencións supoñen dar cobertura aos custos laborais derivados da contratación indefinida por conta allea durante polo menos 6 meses para destinos relacionados cos contidos do programa.

Estes obradoiros xuvenís suporán un investimento global de 6.458.334 euros en dous anos: 3.229.167 millóns para 2023 e a mesma contía para 2024.

É a oitava vez que a Xunta de Galicia convoca estes apoios, que desde 2015 suman un total de 33,4 millóns de euros de investimento, o que permitiu o desenvolvemento de 148 accións, nas cales tomaron parte máis de 2.300 persoas mozas desempregadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A DECLARACIÓN DE CARÁCTER PRIORITARIO DA FORMACIÓN AOS SECTORES PRIMARIO E DA FUNCIÓN LOXÍSTICA PARA ATENDER AS VACANTES LABORAIS

- Súmanse aos nove sectores en que se aprobou esta actuación o ano pasado: naval, automoción, metal-mecánico, enerxías renovables, TIC, construción, comercio, hidróxeno e minaría
- Decídese estender esta iniciativa tras a análise continua que está a desenvolver o Goberno galego das necesidades formativas do tecido produtivo en que detectou que a función loxística e o sector primario demandan formación especializada
- A Xunta continúa a impulsar a cualificación adaptada ao que precisan as empresas co desenvolvemento dos programas acordados nos convenios de colaboración asinados cos principais clústeres e entidades representativas destes sectores
- Esta cooperación permitiu en 2022, grazas a un investimento de máis de 5,7 millóns, a formación de máis de 12.405 persoas a través de 812 cursos

O Consello da Xunta declarou hoxe de carácter prioritario a formación para a cualificación e recualificación da poboación activa en dous novos sectores económicos galegos para atender a demanda de traballo do tecido produtivo: o primario e o de función loxística. Deste xeito, decídese ampliar esta actuación tras a análise continua que está a desenvolver o Goberno galego das necesidades formativas do tecido produtivo, sen prexuízo da declaración de priorización de novos sectores en función do seu peso ou das características particulares da súa poboación traballadora no eido formativo.

No desenvolvemento deste labor detectáronse estes dous novos sectores que demandan formación especializada e que se suman aos outros nove en que a cualificación e recualificación da poboación activa foi declarada como prioritaria o pasado mes de decembro: naval, automóbil, metal-mecánico, enerxías renovables, tecnoloxía da información e comunicación (TIC), construción, comercio, hidróxeno e minaría, así como aos ámbitos de actividade vencellados a proxectos industriais declarados estratéxicos pola Xunta.

O sector primario supón o 14 % do produto interior bruto (PIB) galego e o 16 % do emprego, e enfróntase aos retos do dimensionamento das explotacións agrogandeiras, a robotización e dixitalización, e a sustentabilidade dos sistemas de produción, para os cales precisarán de profesionais coas competencias axeitadas para garantir a remuda xeracional e a continuidade cara ao futuro inmediato do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, o sector da función loxística representa o 3,9 % do PIB e dá emprego ao 4,5 % da poboación de Galicia, e estase enfrontando a un cambio tecnolóxico moi importante: drons para entregas, almacéns automatizados, robótica colaborativa, vehículos de transporte autónomos ou novos combustibles verdes e máis eficientes.

Este cambio tecnolóxico vai afectar as persoas traballadoras do sector loxístico, ao modificarse tanto o número de postos de traballo necesarios como a tipoloxía de ocupacións que existen na actualidade, dado que pasan a demandarse, por exemplo, perfís profesionais cunha alta cualificación en novas tecnoloxías.

É preciso, polo tanto, tal e como decidiu hoxe o Consello da Xunta, incluír estes dous sectores entre os declarados prioritarios de cara ña formación para a cualificación e recualificación da poboación activa, co reto de poder atender de forma prioritaria as necesidades de oferta formativa ante as necesidades de captación de persoal cualificado detectadas.

Balance da formación

Nesta aposta da Xunta por axustar a formación da poboación activa galega á oferta de traballo, en 2023 asináronse convenios de colaboración cos clústeres galegos e entidades representativas dos nove sectores en que foi declarada prioritaria a formación para dar resposta ás vacantes laborais en Galicia.

Cun investimento que supera os 3,3 millóns de euros asináronse acordos cos clústers do sector naval galego (Aclunaga); da automoción (Ceaga); das enerxías renovables (Cluergal); do sector do metal (Asime); das TIC; coa Federación Galega de Comercio; coa Fundación Laboral da Construción; coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), e coa Asociación Galega do Hidróxeno (AGH2). A actuación permitirá a formación de máis de 7.500 persoas desempregadas e ocupadas a través duns 285 cursos. Na actualidade xa están en marcha as diferentes accións formativas recollidas nestes programas formativos, nos cales xa levan participando máis de 5.575 persoas.

Estes novos sectores teñen un carácter relevante na transición verde e dixital pola que se está a apostar no actual contexto socioeconómico. A formación nestes ámbitos é un compromiso da Xunta de Galicia por dotar as persoas desempregadas e ocupadas das competencias precisas que aumenten as súas oportunidades de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 12.400 persoas en 2022

A Xunta impulsou por primeira vez en 2022, da man das entidades representativas do tecido produtivo, estes acordos de colaboración que o ano pasado, cun investimento de máis de 5,7 millóns de euros, permitiron desenvolver 812 accións formativas.

En total participaron 12.405 alumnas e alumnos: máis de 5.100 a través do acordo co clúster TIC Galicia; máis de 685 co de Aclunaga, do sector naval; máis de 1.265 persoas co de Ceaga, da automoción; máis de 1.685 co de Asime, do eido do metal e tecnoloxías asociadas; un total de 790 co de Cluergal, representante do ámbito das enerxías renovables; preto de 955 co da Fundación Laboral da Construción; máis de 1.425 a través da cooperación coa Federación Galega de Comercio; un total de 136 alumnos formáronse por medio do acordo co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (Bioga); e máis de 350 co da Federación Galega de Redeiras Artesás.

Para o Goberno galego é unha prioridade a formación adaptada ás demandas do tecido empresarial e, por iso, en 2023 incrementou o orzamento destinado á formación para o emprego e orientación laboral. Concretamente, a Xunta está a investir un total de 125 millóns no novo Plan galego de formación para o emprego co obxectivo de seguir impulsando unha formación dual e flexible, adaptada ás tendencias do tecido produtivo e ao actual mercado laboral. A iniciativa encádrase na Axenda galega de capacidades para o emprego, coa cal a Administración autonómica está a dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisan as empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 54.000 EUROS Á VIXILANCIA DE POSIBLES ENFERMIDADES NOS ANIMAIS DE ABASTO SACRIFICADOS EN GALICIA

- A Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela colaborarán na realización de estudos sobre estas enfermidades, así como no control e vixilancia da súa prevalencia
- O convenio de colaboración entre estas entidades terá unha duración inicial de catro anos (2023-2026)

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para que ambas as institucións realicen estudos sobre as enfermidades, e a vixilancia da súa prevalencia, nos animais de abasto sacrificados en Galicia. O Executivo galego destina unha partida de 54.450 euros para que se leven a cabo estas investigacións no período comprendido entre 2023 e 2026.

Con este acordo, a Xunta de Galicia dá resposta á solicitude da Dirección Xeral de Saúde Pública, tras identificar a necesidade de dotar os seus inspectores dunha estrutura de soporte que optimizase a súa capacidade de diagnóstico. Ademais, tamén responde á recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS) no seu informe técnico número 99, en que apuntaba que era necesario que os departamentos sanitarios contasen cun sistema de probas complementarias para o apoio ao ditame do servizo veterinario oficial durante o proceso de inspección *post mortem*.

O traballo colaborativo entre a Consellería de Sanidade e a USC contribuirá a optimizar o control da seguridade alimentaria na nosa Comunidade, mellorando as posibilidades de identificación das lesións atopadas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, ao tempo que posibilitará o establecemento de criterios técnicos contrastados, para a súa aplicación en supostos que sexan susceptibles de interpretacións diversas, desde o punto de vista da seguridade alimentaria.

Por outra banda, este convenio de colaboración completará algúns eidos de liñas de investigación que permitirán establecer relacións epidemiolóxicas cos resultados obtidos, para así seren empregados na vixilancia e control das enfermidades en animais de abasto con repercusión en saúde pública. Esta acción está considerada como prioritaria no marco da estratexia *One Health*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ A FORMACIÓN DUNHAS 1.700 PERSOAS DESEMPREGADAS COA NOVA CONVOCATORIA DE OBRADOIROS DUAIS E XUVENÍS CON 45 M€ ORZADOS

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á nova convocatoria autonómica de obradoiros duais 2023-2024 en que está previsto que os concellos desenvolvan 71 destes programas que combinan emprego e formación
- Tamén hoxe se acordou o lanzamento dunha nova edición dos obradoiros para persoas menores de 30 anos inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil
- Primáranse en ambos os dous casos proxectos relacionados coas tecnoloxías da información e a economía dixital
- Estes programas contan con incentivos autonómicos para financiar as contratacións de alumnas e alumnos unha vez rematado o período formativo

A Xunta destinará no período 2023-2024 un total de 45,3 millóns de euros á realización de obradoiros duais de emprego e de programas de emprego xuvenil, cos cales pretende mellorar a formación laboral e as posibilidades de inserción dunhas 1.880 persoas. Ambas as dúas iniciativas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade recibiron hoxe o visto e praxe do Consello do Goberno galego e permitirán a posta en marcha nos próximos dous anos dunhas 90 accións por parte dos concellos.

Dunha banda, convocaranse nas próximas semanas os obradoiros duais de emprego, aos cales se destinarán en dous anos (2023 e 2024) un total de 38,9 millóns de euros, o que permitirá beneficiar máis de 1.400 persoas sen emprego.

Prevese a realización duns 70 obradoiros de emprego, que poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes, así como entidades sen ánimo de lucro do sector forestal.

Os obradoiros duais de emprego ofrécenlles ao alumnado 12 meses formación cun contrato de traballo e a posibilidade dunha inserción posterior nas empresas da contorna en que se realicen. Ademais de mellorar a empregabilidade dos seus participantes, contribúen a facer actuacións de mellora das dotacións de uso público nos municipios e contribúen a reforzar a colaboración da Xunta de Galicia cos concellos.

As alumnas e alumnos, ademais de se formaren e realizaren un traballo, poden obter un certificado de profesionalidade ao rematar a experiencia. Tamén se lles abre a posibilidade de traballar nunha empresa da contorna durante un mínimo de tres meses,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

grazas aos incentivos que ofrece a Xunta de Galicia e que financian os custos laborais en que poida incurrir a firma interesada.

Para accederen a estes obradoiros, priorizaranse as persoas que teñan especiais dificultades de inserción: emigrantes retornadas; mulleres; vítimas de violencia de xénero; persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, entre outras.

En canto á programación, a convocatoria primará a formación forestal e as iniciativas centradas na posta en valor das rutas do Camiño de Santiago; das aldeas modelo ou das áreas declaradas reservas da biosfera. Tamén obterán máis valoración as propostas de actividades relacionadas coas TIC e coa economía dixital e a relación do proxecto co tecido empresarial e coa posibilidades de inserción futura.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia destinou aos obradoiros duais de emprego 412,5 millóns de euros e suma como beneficiarias máis de 17.700 persoas.

Emprego xuvenil

O Consello de hoxe, doutra banda, autorizou destinar máis de 6,4 millóns de euros a unha nova convocatoria de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. A iniciativa, que se dirixe a persoas sen emprego con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, prevé a realización duns 18 obradoiros por parte das entidades locais en que tomen parte unhas 280 persoas.

Estes obradoiros xuvenís, ao igual que os duais, teñen por obxecto mellorar a empregabilidade das persoas participantes para facilitar a súa inserción no mercado laboral. Por este motivo, combinan a formación coa realización dun traballo efectivo e cunha duración de 12 meses (cun contrato e cun salario). Tamén neste caso os proxectos poden ser promovidos por concellos de Galicia, mancomunidades de concellos e entidades públicas dependentes ou vinculadas a estes.

Entre os criterios de valoración dos proxectos, tense en conta que o proxecto conteña actividades relacionadas co fomento das TIC e a economía dixital.

A Xunta tamén prevé incentivos á contratación do alumnado en empresas da contorna unha vez que remate a formación. Neste caso as subvencións supoñen dar cobertura aos custos laborais derivados da contratación indefinida por conta allea durante polo menos 6 meses para destinos relacionados cos contidos do programa formativo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É a oitava vez que a Xunta de Galicia convoca estes apoios, que desde 2005 suman un total de 33,4 millóns de euros de investimento, o que permitiu o desenvolvemento de 148 accións en que tomaron parte máis de 2.300 persoas mozas desempregadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR ESTE ANO ENTIDADES SOCIAIS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- O Executivo galego renova os convenios de colaboración entre o Sergas e as asociacións UTACA, Asvidal, Ex-Alcohólicos Ferrolterra e As Burgas
- Ao abeiro destes convenios atendéronse o ano pasado un total de 3.787 persoas
- O financiamento que a Xunta vai dedicar este ano á atención ás adicións desde equipos multidisciplinares é de preto de 12 millóns de euros, cantidade que supón un incremento do 5 % respecto ao orzamento de 2022, que foi de 11,4 millóns

A Xunta de Galicia autorizou a sinatura de renovación de convenios de colaboración entre o Sergas e as Asociacións UTACA, Asvidal, Asociación de Ex-Alcohólicos de Ferrolterra, As Burgas e Proxecto Home para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias adictivas, por un importe de 1.867.395 euros. Estas entidades atenden a poboación correspondente á área sanitaria en que están situadas (Ferrol, A Coruña-Cee, Vigo e Ourense). Pola súa banda, as actividades que leva a cabo A Fundación Monte do Gozo ao abeiro deste convenio teñen un carácter autonómico e desenvolven varios programas.

Estes cinco convenios están destinados a prestar atención a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco e xogo, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas.

A autorización destes novos cinco convenios, por un valor total de 1,8 millóns de euros, súmase aos cinco autorizados no Consello da Xunta da semana pasada, por valor de 5,3 millóns, coa Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad), a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga de Vigo (Alborada), a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, completando un investimento de máis de 7 millóns de euros en apoio mediante convenios ás entidades sociais dentro do marco do Plan de atención aos transtornos adictivos de Galicia durante este ano.

En concreto, o asinado co Asociación Unidade de Tratamento do Alcoholismo e Condutas Aditivas (UTACA) da Coruña acada un importe de 227.098 euros e ao abeiro del atendéronse o ano pasado 614 persoas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio que asina a Xunta coa Asociación Viguesa de Alcoholoxía (Asvidal, acada un importe de 233.875 euros, e ao abeiro del atendéronse o ano pasado un total de 1.783 persoas.

Polo que atinxe ao convenio coa Asociación de Ex-Alcohólicos de Ferrolterra, o importe é de 131.885 euros e as persoas que se atenderon no marco del o ano pasado foron 413.

A Asociación As Burgas de Ourense, para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, asinará coa Xunta un convenio por importe de 208.062 euros, e serán 361 as persoas beneficiarias ao abeiro del.

O Convenio do Goberno galego coa Fundación Monte do Gozo, localizada en Santiago de Compostela, ten un importe de 1.066.475 euros e grazas a el atendéronse o ano pasado 616 persoas con distintas necesidades e en diferentes programas.

Incremento do 5 %

Cómpre sinalar que o financiamento que a Xunta vai dedicar este ano á atención ás adiccións desde equipos multidisciplinares é de preto de 12 millóns de euros. Esta cantidade supón un incremento do 5 % respecto ao orzamento de 2022, que foi de 11,4 millóns.

En todos estes convenios, unha vez que se se asinen, e sempre que a actividade comezase previamente, as asociacións poderán solicitar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á súa xustificación por un importe de ata un máximo do 30 % da contía total do convenio.

É preciso remarcar, así mesmo, que na actualidade as adiccións son consideradas como unha enfermidade que require un tratamento multidisciplinar e personalizado. Ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria, que avaliarán cada caso e derivarán ao centro que proceda.

Plan de saúde mental 2020-2024

O Plan de saúde mental 2020-2024, posto en marcha pola Xunta de Galicia prevé, entre os seus eixes de actuación, a colaboración e a participación de todo o tecido asociativo e das entidades especializadas en saúde mental. Isto traduciuse, por exemplo, en axudas para o financiamento de programas de entidades sociais relacionadas con pacientes con trastornos mentais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo do plan é completar, a finais do vindeiro ano, un total de 241 novas contratacións de profesionais. Ao respecto, os orzamentos da Xunta para este ano son superiores en dez millóns de euros aos anteriores ao plan, e o Goberno galego xa contratou máis de 130 profesionais.

Así mesmo, o obxectivo da Xunta é que esas novas prazas se cubran de xeito estable. Por iso impulsou unha lei de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura, na cal incluíu as de primaria, as dos hospitais comarcais e as dos servizos de saúde mental, e, neste mesmo ano, vai poder cubrir por concurso de méritos máis de 170 prazas de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermaría especialista.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITA UNHA PARTIDA DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA ABRIR 30 NOVAS CASAS DO MAIOR E SUPERAR AS 130

- Coa posta en marcha de máis servizos desta tipoloxía incrementáanse as prazas nun 25%
- Duplícase, de 5€ por persoa e día a 10€, a axuda para que as promotoras presten servizos de desprazamento da casa dos usuarios ao centro

O Consello da Xunta habilitou unha partida de 1,9 millóns de euros para abrir 30 novas casas do maior en concellos de menos de 5000 habitantes nos que non haxa centros de día ou un servizo similar. O Goberno galego incrementará un 25% as prazas deste servizo coa nova convocatoria.

Deste xeito, destínanse 1,5 millóns de euros para o seu funcionamento diario, e 450.000 euros para a adecuación das casas. Ademais, para facilitar a xestión, a convocatoria contempla anticipos das axudas. No caso da partida de adecuación, anticipase ata o 80%; e a dos fondos para o seu funcionamento poderá adiantarse ata o 100% desde o día que se poña o servizo en marcha.

Así mesmo, unha das novidades que ten esta convocatoria é o aumento da axuda que reciben as promotoras por asumir os desprazamentos dos maiores usuarios. Deste xeito, a Xunta duplícalle a achega ao pasar de 5 euros por persoa e día a 10 euros.

Cómpre sinalar que estes centros atenden de forma totalmente gratuíta a un máximo de cinco persoas maiores de 60 anos ata oito horas diarias de luns a venres, con flexibilidade horaria e garantías de seguridade e calidade, posto que os seus responsables teñen formación ou experiencia profesional específica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 2,6 M€ AS AXUDAS Á VALORACIÓN E Á SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL MADEIRA E DO *CONTRACT*

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe estas achegas da Consellería do Medio Rural para o período 2023-2024, que aumentan o orzamento nun 30 % con respecto a anos pasados e que sairán publicadas mañá no *Diario Oficial de Galicia*
- Por primeira vez neste tipo de convocatorias establécense cinco liñas definidas en materia de accións subvencionables, cada unha delas dirixida a diferentes obxectivos e cun orzamento reservado
- En concreto, unha para aumentar a competitividade e valorización, outra de mobiliario, *contract* e construción, unha terceira para a mellora produtiva e desenvolvemento de novos produtos sustentables, outra para certificacións, ensaios e informes e a última de seguridade e saúde laboral
- Poderán ser beneficiarias aquelas pequenas e medianas empresas da industria forestal e do *contract* radicadas en Galicia, así como as asociacións, organizacións e entidades sen ánimo de lucro ou que estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova convocatoria de axudas para a valorización e a segunda transformación da industria forestal madeira e do *contract*, que sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Neste senso, a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, convoca este ano 2,6 millóns de euros para o período 2023-2024, un 30 % máis que nos últimos exercicios. Por primeira vez neste tipo de convocatorias, establécense ademais cinco liñas definidas en materia de accións subvencionables, cada unha delas dirixida a diferentes obxectivos.

Así, a primeira abrangue a competitividade e valorización, vencellada á compra de nova maquinaria para procesos de transformación de produtos de orixe forestal non alimentarios, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabados da madeira. Mentres, a segunda refírese a todo o relativo á compra e venda de maquinaria vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e ao deseño e fabricación de elementos para a construción, co obxectivo neste caso de consolidar o segmento do *contract* en Galicia como punteiro no ámbito internacional, competindo coas súas propostas de equipamento integral para uso colectivo por diversos proxectos en materia de *retail*, Horeca (hoteis, restauración e cafetarías) e iates/superiats en diferentes países do mundo. Cabe apuntar que ambas as dúas liñas inclúen obras, instalacións ou bens de equipamento necesarios para os proxectos en cuestión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a terceira liña abrangue o relativo á mellora produtiva e desenvolvemento de novos produtos sustentables ou solucións a través de servizos de deseño, desenvolvemento e implementación de estratexias mediante a avaliación e análise de retos empresariais encamiñados a mellorar a produtividade dos procesos industriais, o desenvolvemento de novos produtos/solucións ou á diversificación a través de novos modelos de negocio.

Mentres, a cuarta refírese a certificacións da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental; a informes, servizos, bens, equipamentos, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e ambientais, entre outros; e a ensaios de caracterización de produto realizados conforme a normativa oficial por un laboratorio acreditado. Por último, a quinta liña abrangue as cuestións vencelladas coa seguridade e a saúde na contorna laboral, como a implantación e certificación de estándares de seguridade e a creación de servizos mancomunados.

Canto aos beneficiarios destas axudas, serán as pequenas e medianas empresas da industria forestal galega e do *contract* radicadas en Galicia que utilicen madeira e os seus derivados, como a resina, cortiza ou outros produtos de orixe forestal, exceptuando os produtos alimentarios, como materia prima para elaborar os seus produtos. Para a liña referida á seguridade e saúde na contorna laboral, tamén poderán ser beneficiarias, entre outras, as asociacións e entidades sen ánimo de lucro que teñan base asociativa e presten estes servizos ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira.

A convocatoria establece unha reserva mínima de importes para cada unha das liñas citadas. En calquera caso, se non houberse suficientes solicitudes para cubrilas, estes remanentes orzamentarios pasarían a outras liñas con maior demanda.

A Axenda de impulso da industria forestal-madeira

Estas axudas enmárcanse na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta incluída dentro do Plan forestal de Galicia 2021-2040 «Cara á neutralidade carbónica», deseñada conxuntamente cos principais axentes deste eido para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

Para acadar estes obxectivos, definíronse catro eixes fundamentais, relativos á mellora do capital humano a través da formación, ao impulso da innovación, á cooperación e valorización e á competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector. A través destes eixes e dun orzamento de 55,5 millóns de euros, a Axenda prevé mobilizar preto

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA TRASLADA AO GOBERNO A NECESIDADE DE CONTAR CON 1200 MW ADICIONAIS NA ACTUAL PLANIFICACIÓN DE REDE ELÉCTRICA PARA GARANTIR A POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS INDUSTRIAIS ANTES DE 2026

- O Consello da Xunta avalía a proposta enviada ao Ministerio para a Transición Ecolóxica para modificar a planificación actual (2021-2026) e atender así as necesidades trasladadas polo tecido empresarial
- De non ter en conta esta solicitude, estaría poñéndose en perigo a viabilidade de iniciativas que contan cun investimento inicial próximo aos 5500 millóns de euros
- Agárdase que o Executivo central confirme o compromiso adquirido tras a súa rectificación e inclúa a subestación de Novo Vigo para Stellantis
- Demándanse tamén novas subestacións ou ampliacións da capacidade existente para satisfacer a demanda de Altri e dar cabida a proxectos como as plantas de hidróxeno verde das Pontes e Meirama, a factoría de grafito para baterías de Resonac na Coruña ou a biofábrica de Ence tamén nas Pontes

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá a listaxe de necesidades que a Administración galega lle remitiu ao Goberno central para solicitar que Galicia conte con 1200 MW adicionais na actual planificación enerxética e, deste xeito, poder garantir a posta en marcha de novos proxectos industriais que están previstos para antes de 2026.

A actual planificación eléctrica 2021-2026 foi aprobada en marzo do ano pasado e, nela, Galicia resultou penalizada con tan só 68 millóns de euros de investimento, o 1,1% do total a nivel estatal, fronte aos 308 M€ (6,7%) do período anterior (2015-2020). O pasado mes de novembro, Galicia xa fixo chegar ao Goberno as súas propostas de modificación para dar cabida a todos os proxectos industriais intensivos no uso da enerxía interesados en implantarse na Comunidade e, posteriormente, o Ministerio para a Transición Ecolóxica comprometeuse a iniciar, antes do próximo 31 de marzo, unha modificación da planificación vixente.

Por este motivo, e co ánimo de manter o seu espírito de colaboración co Goberno para que dea resposta ás demandas trasladadas polo tecido empresarial para levar adiante os seus proxectos en Galicia, a Xunta actualizou as súas necesidades, priorizando tanto aquelas iniciativas que teñen prevista a súa posta en marcha antes do ano 2026 como as que xa contan con fondos europeos, como é o caso das plantas de hidróxeno verde das Pontes e Meirama.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo galego destaca a necesidade de proporcionar as mellores condicións posibles para que estes investimentos estratéxicos, con alta capacidade de xeración de emprego de calidade, logren a súa viabilidade técnica a través da conexión á rede eléctrica. De non ser atendida esta solicitude de 1200 MW adicionais, estaría en perigo un investimento próximo aos 5500 M€ en proxectos industriais.

En concreto, tras o compromiso do Goberno central, a Xunta agarda a inclusión na planificación da subestación Novo Vigo para Stellantis e a zona industrial desta cidade, unha infraestrutura necesaria para garantir a competitividade da actividade futura da planta e viabilizar o proceso de descarbonización da factoría, así como a fabricación de novos modelos eléctricos.

A listaxe inclúe tamén a apertura da liña 220kV Belesar-Mesón do Vento e a construción dunha subestación para satisfacer o consumo continuo de enerxía eléctrica que precisa o proxecto de Altri para instalar unha planta de fibras téxtiles en Palas de Rei.

Por outra banda, solicítase o reforzo da rede de 132 kV que abastece a zona de Ferrolterra para que Forestal del Atlántico poida pór en marcha a súa planta de metanol verde e oxíxeno en Mugardos. Tamén a área da Coruña conta con varios proxectos que fan necesario que o nó eléctrico de Sabón teña capacidade para abastecer toda a demanda. Trátase, en concreto, a fábrica de ánodos de grafito para baterías de Resonac (antiga Showa Denko) e as plantas de amoníaco verde de Ignis e de Fisterra Energy.

Meirama é outra das localizacións que precisará ampliar a subestación actual, xa que se prevén proxectos como a planta de xeración de hidróxeno verde promovida por Repsol, Naturgy e Reganosa. No que respecta á zona das Pontes –inmersa ao igual que Meirama nun proceso de transición enerxética marcado polo peche das centrais térmicas–, incídese na necesidade de aclarar a capacidade dispoñible efectiva deste nó para ver a compatibilidade no proceso de desmantelamento parcial da central cos proxectos industriais e enerxéticos que se queren desenvolver, como a planta de hidróxeno verde de Reganosa con EDP Renovables ou a biofábrica de Ence.

De xeito paralelo, ante a necesidade de evacuación para os proxectos de enerxías renovables, a Xunta de Galicia tamén solicita que os concursos de capacidade de acceso en determinados nós da rede se realicen canto antes, así como o reforzo daqueles de que dependen iniciativas que están en tramitación para minimizar o impacto no territorio das liñas eléctricas que están proxectadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 300 PERSOAS E ENTIDADES AFECTADAS POLOS LUMES DO VERÁN EN LUGO E OURENSE RECIBIRON XA AS AXUDAS DA XUNTA POR UN IMPORTE DE 5,4M€

- Trátase do 100% dos beneficiarios que presentaron a documentación e cumprían os requisitos, segundo o balance avaliado hoxe polo Consello da Xunta
- A maioría das axudas concedidas foron destinadas á reposicións de explotacións agrícolas, gandeiras e forestais con 180 peticións atendidas por 831.000€
- Destacan tamén os 4M€ destinados a 77 propietarios co obxectivo de repoñer os danos nas vivendas afectadas pola vaga de lumes e no seu enxoval doméstico

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance das axudas concedidas ás persoas e empresas afectadas polos incendios forestais do pasado verán en Lugo e Ourense, segundo o que 280 persoas e entidades reciben 5,4M€ a través das liñas de apoio habilitadas polo Goberno galego para facerlle fronte aos danos derivados do lume. Trátase do 100% dos beneficiarios que presentaron a documentación e cumprían os requisitos das medidas recollidas no decreto aprobado o pasado xullo, nada máis producirse esta vaga de lumes.

Deles, a meirande parte correspóndense coas peticións de axuda para a reposición de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais afectadas polos lumes concedidas pola Consellería do Medio Rural, con 180 que suman unha contía de 831.000€.

Axudas por danos nas vivendas

No caso das subvencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda suman 93 peticións atendidas por importe de 4,3M€. A maioría -77- corresponden coas axudas destinadas a propietarios ou usufrutuarios de vivendas afectadas polos incendios aos que se destinou máis de 4M€. Esta orde sufraga o 100% do valor de reposición en caso de ruína da residencia habitual e instalacións complementarias, así como o dano no enxoval doméstico de vivendas ruinosas. Nos demais supostos, as axudas contemplan distintos importes máximos.

No marco das axudas concedidas por esta consellería, atendéronse outras 10 solicitudes da orde dirixida a titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecores) co fin de recuperar os hábitats cinexéticos e protexer os solos, cunha contía de máis de 94.700 euros. A maiores, tramitáronse outras 6 subvencións por riba dos 107.200 euros para actuacións dos consellos ou montes veciñais de man común en zonas da rede galega de espazos protexidos e reservas de biosfera.

Establecementos e outros espazos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, os establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís recibiron axudas por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polos danos ocasionados en edificacións, instalacións, maquinaria e mercadorías, así como nos vehículos industriais relacionados con esta actividade. Admitíronse 2 solicitudes xa pagadas que recibiron un apoio duns 66.200 euros.

Apoio ás entidades locais

A Xunta tamén estableceu axudas ás entidades locais a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para cubrir os gastos derivados das actuacións desenvolvidas como consecuencia dos lumes e a reparación ou restauración dos danos causados nos bens de titularidade municipal. Aboáronse a través desta liña un total de 128.000 entre 5 concellos da comarca de Valdeorras e da zona do Courel.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ENXALZA QUE GALICIA REXISTROU UN DÉFICIT DO 0,4 % EN 2022, DÚAS DÉCIMAS MENOS DO PREVISTO

- Salienta que este control do déficit permitiu un endebedamento de 210 M€ inferior ao estimado no orzamento
- Destaca que a Administración galega situouse como a segunda comunidade autónoma que pagou con máis axilidade os seus provedores, 10 días antes que a media
- Lembra que a Comunidade galega recuperou xa en 2022 o PIB prepandemia e pon en valor que se crearon case 22.000 empregos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, exalzou hoxe o feito de que Galicia mellorou o déficit marcado no orzamento, xa que apuntou que se situou nun 0,4% do Produto Interior Bruto, "o que supón dúas décimas menos do límite previsto". Ademais, subliñou que a comunidade rexistrou unha ratio débeda/PIB do 17,2%, "tres décimas por debaixo do previsto, o que supuxo aforrar 210 millóns de euros, en canto a capacidade de endebedamento".

O mandatario galego explicou estes datos, recollidos no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta polo titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, sobre o avance do peche do exercicio 2022. Sobre o mesmo, Rueda puxo en valor que reflicte que "Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda desde o ano 2009, segundo os datos oficiais do Banco de España".

Ademais, destacou que tamén recolle que a Administración galega continúa "entre as comunidades que antes paga aos provedores, 10 días antes que a media". En concreto, explicou que foi a segunda que aboou máis rápido os seus compromisos no ano 2022, "nunha media de 14,9 días, fronte ao 25,2 do conxunto das administracións autonómicas".

Recuperación PIB prepandemia

Rueda lembrou que Galicia recuperou no cuarto trimestre de 2022 o nivel do PIB da prepandemia, "con varios trimestres de antelación á media de España, cando hai comunidades que aínda non o teñen recuperado", contrapuxo. Tamén salientou o feito de que a economía galega medrou un 3,8 % o ano pasado, "dúas décimas por riba do previsto", remarcou.

Finalmente, en termos de emprego, o presidente da Xunta salientou que no conxunto do ano 2022 creáronse preto de 22.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo (PTETC), polo que aumentou un 2,2 % con respecto ao anterior exercicio, o que tamén permitiu superar o número empregos da economía galega antes da pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA INVISTE MÁIS DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS EN 443 ESTACIÓNS DE QUIRÓFANO PARA CONTINUAR COA ACTUALIZACIÓN DOS BLOQUES CIRÚRXCOS DO SERGAS

- Resalta que “todos os hospitais públicos galegos” contarán con este equipamento de última tecnoloxía
- Os novos dispositivos permitirán que o persoal de cirurxía poida acceder de forma áxil á imaxe dixital médica dentro dos quirófanos, acceder á historia clínica dos pacientes e rexistrar as diferentes variables dos procesos cirúrxicos
- Subliña que ata o de agora a Xunta “investiu máis de 29,5 millóns de euros” en actuacións de mellora para os bloques cirúrxicos dos hospitais do Sergas, nun programa que superará os 36 millóns de euros, unha vez que se complete

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou na súa reunión semanal destinar máis de 4,5 millóns de euros (4.529.453 euros) a adquirir un total de 443 estacións de quirófono de última tecnoloxía cos que a Xunta continúa coa actualización dos bloques cirúrxicos do Servizo Galego de Saúde. “Vanse renovar practicamente as estacións de todos os quirófanos e todos os hospitais públicos, desde os máis grandes ata os comarcais, van contar con novas estacións de alta resolución”, resaltou.

Rueda subliñou que esta medida enmárcase no programa de renovación e actualización da tecnoloxía dos quirófanos do Sergas que a Xunta está a levar a cabo desde 2021. Nese período “investíronse xa 29,5 millóns de euros” e o obxectivo é superar os 36 millóns en melloras destas instalacións hospitalarias, explicou.

Nas intervencións cirúrxicas, tanto o persoal médico como o de enfermaría precisan dispor de estacións nos quirófanos para realizar a súa actividade. “Son espazos que permiten aos sanitarios consultar o historial clínico ou ver as imaxes médicas do paciente durante o proceso de intervención”, sinalou o presidente. Porén, dentro do Programa de actualización de equipamento da Xunta, o Executivo galego acordou a substitución do equipamento actual por unha nova infraestrutura que tecnoloxicamente permitirá axilizar e optimizar as diferentes accións que se levan a cabo durante os procesos cirúrxicos.

En concreto, os novos bloques cirúrxicos permitirán: consultar a historia clínica do paciente durante as intervencións (alertas, resultados de probas etc.); axilizar o acceso á imaxe médica dixital necesaria no proceso cirúrxico; o rexistro do *checklist* cirúrxico

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(serie de normas para a seguridade das prácticas cirúrxicas que se verifican mediante unha lista de verificación); o rexistro na historia clínica dixital do paciente de todos os datos relacionados coa intervención (anestesia, procedementos, monitorización, transfusión, implantes...), ou o rexistro de todas as accións relacionadas coa intervención (identificación de mostras, rastrexabilidade do material cirúrxico utilizado etc.).

Programa integral de actualización dos bloques cirúrxicos

Coa luz verde ao expediente desta mañá, a Xunta continúa a avanzar co programa integral de actualización do equipamento dos bloques cirúrxicos de toda a planta hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

Así, ata o de agora xa adquiriu 37 equipos radiocirúrxicos con detector dixital plano (por un importe de 3.834.656 euros); 7 novos sistemas cirúrxicos robotizados da Vinci (por un valor de 11.616.000 euros); renováronse 97 lámpadas cirúrxicas e 57 mesas cirúrxicas (cuxo importe conxunto supera os 4,1 millóns de euros); actualizáronse os sistemas de anestesia do conxunto de hospitais públicos galegos (por un importe de 4.921.070 euros), e dotou o Hospital Público do Salnés dunha nova central de esterilización para o bloque cirúrxico, mediante un investimento de 567.732 euros.

Ata o de agora a Xunta investiu máis de 29,5 millóns de euros en actuacións destinadas aos bloques cirúrxicos dos hospitais do Sergas. Así, está previsto realizar novas licitacións para esta mesma función, por un importe próximo aos 6,5 millóns de euros.

Estas actuacións son susceptibles de financiamento ao 100 % pola Unión Europea no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A PARTIR DA VINDEIRA SEMANA AS PERSOAS DIAGNOTICADAS CON ELA PODERÁN PEDIR A AXUDA DE 12.000 € AO ANO

- Enxalza que Galicia será a primeira Comunidade en contar cunha achega directa, de carácter retroactivo desde xaneiro, destinada aos enfermos de Esclerose Lateral Amiotrófica
- A Administración autonómica habilita un orzamento de 3,2 M€ co que axudar as familias a facer fronte ao gran custo económico que supón este diagnóstico
- O obxectivo do Goberno galego é achegar un apoio áxil aos doentes desta enfermidade progresiva, sen cura e altamente incapacitante

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a partir da vindeira semana se publicará xa no Diario Oficial de Galicia (DOG) a nova axuda para persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA), que consta dunha achega de 12.000 euros ao ano, con carácter retroactivo desde xaneiro.

O mandatario galego enxalzou o feito de que Galicia será a primeira Comunidade que desenvolva unha medida "pioneira" coma esta destinada aos doentes dunha enfermidade progresiva, sen cura e altamente incapacitante. Para iso, explicou que se habilita un orzamento de máis de 3,2 millóns de euros cos que axudar ás familias a facer fronte ao gran custo económico que supón este diagnóstico, xa que unha persoa con ELA pasa nuns meses de ser plenamente autónoma a ter unha gran dependencia.

O presidente da Xunta precisou que en Galicia hai máis de 250 persoas con ELA, e apuntou o feito de que cada ano se diagnostican 30 novos casos. Con esta axuda poderán facer fronte aos gastos máis básicos como a alimentación, o coidado ou a rehabilitación, e tamén outros de grande importancia como a compra de material sanitario, guindastres, cadeiras de rodas, colchóns especiais ou camas articuladas. Así mesmo, servirá para adaptar fogares para realizar, por exemplo, melloras de accesibilidade en baños ou dormitorios, así como para a colocación de elevadores ou ascensores; ou para a compra de vehículos adaptados.

Esta non é primeira vez que a Comunidade se sitúa á vangarda neste ámbito. No 2018 tamén foi pioneira ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao amparo deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse vías rápidas: a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico; e a nivel social, abrindo unha vía preferente para que as solicitudes de dependencia da ELA se tramiten en menos dun mes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 900 PROFESIONAIS DO MARISQUEO A PÉ E 25 EMBARCACIÓNS PARTICIPARÁN ESTE ANO NA RECOLLIDA ACTIVA DE LIXO EN GALICIA

- A Xunta aprobou unha axuda global de máis de 337.000 euros para 13 proxectos de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños que prevén un total de 120 xornadas de limpeza no litoral da Comunidade
- Os participantes previstos supoñen máis que cuadruplicar as cifras da primeira convocatoria de 2020, o que demostra a implicación cada vez maior do sector marítimo-pesqueiro no coidado no medio e a súa concienciación na necesidade de retirar del os refugallos que chegan desde terra
- Estas iniciativas, que tamén inclúen accións de formación e divulgación, permitiron retirar entre 2020 e 2022 máis de 235 toneladas de residuos mariños da costa galega
- Todas elas enmárcanse no plan Marlimpo da Consellería do Mar e engádense aos obxectivos ecolóxicos a tres anos incluídos en máis do 60 % dos plans de xestión de marisqueo xeral e de recursos específicos aprobados para as entidades do sector

O sector pesqueiro e marisqueiro galego vai desenvolver este ano 13 proxectos de recollida de lixo mariño coa participación activa de preto de 900 profesionais do marisqueo e 25 embarcacións en distintas accións que suman 120 xornadas de limpeza das costas e augas de Galicia. Así o recolle a resolución da convocatoria de axudas para este tipo de iniciativas de protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a retirada de residuos no mar que analizou hoxe o Consello da Xunta.

A cifra de persoas participantes nas actuacións que se van realizar en 2023 supón máis que cuadruplicar as da primeira edición, de 2020, que contou coa intervención de 200 mariscadoras e mariscadoras, algo que tamén acontece no caso das embarcacións, que pasaron de ser só cinco a chegar ás 25 actuais. Isto reflicte a implicación cada vez maior do sector marítimo-pesqueiro no coidado do medio mariño e a súa concienciación na necesidade de retirar del os refugallos que chegan desde terra.

Estas achegas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), están dirixidas ás confraría de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas organizacións do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). Os 13 proxectos aprobados na convocatoria deste ano suman unha axuda global de máis de 337.000 euros, na cal tamén se inclúen accións formativas e de divulgación entre o conxunto da poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A recollida activa de lixo apoiada neste exercicio realizarase no marco de doce proxectos que abranguen compensacións aos mariscadores a pé e á frota de artes menores por esta acción. A contía diaria no caso das embarcacións pesqueiras –para as empresas armadoras– será a correspondente aos ingresos medios da actividade pesqueira da frota de artes menores no trienio 2019-2021 en función da súa área xeográfica e do seu arqueo. No caso do marisqueo a pé, a compensación terá en conta o nivel de ingresos medios da actividade no trienio 2019-2021 segundo a súa área xeográfica.

As entidades beneficiarias destes doce proxectos de recollida activa de lixo mariño son as confrarías de pescadores do Grove, O Pindo, Pontedeume, Vilanova de Arousa, Cedeira, Vilaboa, Mugarbos, Caión, Cambados, Noia, Corcubión e a Asociación de Mariscadoras Fonte de Santa Helena de Baldaio.

Proxectos destacados

A iniciativa coa maior achega aprobada é a da Confraría de Noia, con máis de 81.000 euros. O seu proxecto Econoia 4, que dá continuidade ás tres edicións previas ao abeiro das tres convocatorias anteriores, inclúe a retribución por dúas xornadas de recollida activa de lixo por parte de 261 mariscadoras e mariscadores, a elaboración de vídeos sobre o traballo realizado ou a adquisición de distintos materiais.

A maior participación de profesionais do mar na retirada de refugallos da costa correspóndelles á Confraría de Pescadores do Grove, que prevé a colaboración de 319 persoas do marisqueo a pé da zona nunha única xornada de limpeza. Entre as accións previstas pola entidade ao abeiro do proxecto Mar sen lixo II, que conta cunha achega de preto de 40.000 euros, están tamén a realización dunha exposición de arte con lixo mariño, a organización dun obradoiro e a compra de elementos necesarios para ese labor.

Mentres, a confraría de pescadores de Pontedeume impulsa unha iniciativa –Limpeza de lixo dos Moteis e do Peregil– na cal interveñen tanto profesionais do marisqueo a pé como embarcacións de baixura. Un total de 16 mariscadoras a pé retirarán residuos da costa en tres días distintos e 15 embarcacións farán o mesmo durante cinco xornadas, cunha axuda global de arredor de 23.000 euros.

Outro dos proxectos aprobados é un da Confraría de Cambados, que prevé a realización dunha xornada de limpeza nos bancos marisqueiros a pé xestionados pola entidade coa participación de 134 persoas. A maiores, inclúe a realización dunha xornada formativa e de cinco charlas divulgativas, así como a adquisición de distinto material cun apoio próximo aos 17.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Un dos 13 proxectos seleccionados é de recollida pasiva de lixo, o que implica que as embarcacións e profesionais da pesca e do marisqueo recollen os residuos que veñen a bordo nos aparellos durante as tarefas ordinarias de pesca ou durante a actividade normal. Esta iniciativa é da Confraría de Mugardos, que conta tamén cun proxecto de recollida activa, e a ela destínanse algo máis de 3.600 euros para a adquisición de material e para a colocación, transporte e xestión de contedores para a xestión dos refugallos.

Balance

Estas iniciativas contribuirán a avanzar nunha estratexia de retirada de residuos mariños da costa galega que xa permitiu extraer máis de 235 toneladas entre os exercicios 2020 e 2022. Os 23 proxectos desenvolvidos neses tres anos ao abeiro das convocatorias de axudas da Consellería do Mar, enmarcadas no plan Marlimpo, supuxeron a realización de 163 limpeza activas coa participación de 660 persoas e 10 embarcacións, ás cales se engadiron as recollidas pasivas de 470 profesionais do mar e máis de 100 embarcacións, cunha achega pública global de máis de 1,2 millóns de euros.

Estes datos mostran o compromiso cada vez maior do sector coa retirada dos refugallos presentes no mar, xa que estas accións se suman ás xa previstas nos obxectivos ecolóxicos a tres anos de máis do 60 % dos plans de xestión de marisqueo xeral para o período 2021-2023 e ás incluídas en preto do 70 % dos de recursos específicos para o período 2022-2024. Este traballo reflicte o elevado grao de implicación do sector marítimo-pesqueiro na protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños.